PLAN TRABALLO DPTO FÍSICA E QUÍMICA EA 2020

Coa información e instrucións recibidas nesta data, o Departamento de Física e Química acorda o seguinte plan de traballo no que atinxe ás actividades a desenvolver e aos criterios de avaliación para o remate do curso 2019/20.

Alumnado FQ ESO e 1º bach:

Actividades a desenvolver

As actividades a desenvolver terán una dobre liña. Por un lado, desenvolveranse actividades de recuperación da materia dirixidas e adaptadas ao alumnado que non superou positivamente as dúas primeiras avaliacións. Tamén se proporán para todo o alumnado actividades de repaso e reforzo das aprendizaxes anteriores ao 13 de marzo.

Na medida do posible, e como continuación das actividades propostas para todo o alumnado na alínea anterior, proseguirá a ampliación das aprendizaxes anteriores adaptando a programación prevista para o terceiro trimestre, focalizándose en contidos esenciais con actividades que incidan no desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindíbeis para continuar a formación do alumnado e minimizar o impacto desta situación excepcional.

Avaliación

O profesorado establecerá e comunicará ao alumnado a cualificación provisional do curso 2019/20 en base aos resultados a data 13 de marzo de 2020. Esta cualificación será a base que se poderá modificar á alza en función do traballo desenvolvido desde o 13 de marzo.

Hipótese: Non se regresa ás aulas. Non se poden realizar exames presenciais.

- Alumnado que ten cualificación >5:
  Poderá subir esta cualificación até un máximo de 2 ptos en función do desenvolvemento das actividades propostas polo profesorado.
  Materia: de consolidación e profundización da 1ª e 2ª avaliación e aprendizaxes e competencias imprescindíbeis da 3ª avaliación para que poidan continuar avanzando na súa formación.
  Exemplo: Cualificación de 7 a 13 de marzo pode ser 7, 8 ou 9 en xuño.

- Alumnado que ten cualificación <5:
  Poderá conseguir unha cualificación máxima de 5 ptos en función do desenvolvemento das actividades propostas polo profesorado para recuperar (reforzar) o avaliado até o 13 de marzo.
  Materia: da 1ª e 2ª avaliación.
  Recuperar a materia debe ser o principal obxectivo deste alumnado.
  Ao mesmo tempo, se o desexa, poderá facer as actividades propostas na alinea anterior para subir a cualificación final. Isto so se terá en conta una vez acadado o 5.
  Exemplo: Cualificación de 3 a 13 de marzo pode ser 3, 4, 5, 6 ou 7 en xuño.

O tipo de actividades propostas polo profesorado e avaliábeis dependerá das posibilidades técnicas e das decisións didácticas do profesorado (exercicios, traballos, test, pequenas investigacións, exames on line, etc).

Se houber regreso ás aulas, habería que reavaliar a situación, considerando realizar exames presenciais que complementen as actividades realizadas desde a casa.

Ollo! Especial coidado en 4º ESO e 1º bach, pois as cualificacións teñen consecuencias de cara ao vindeiro curso.

Alumnado Física e Química 2º bach COVID-19:

Actividades a desenvolver

As actividades a desenvolver terán una dobre liña. Por un lado, desenvolveranse actividades de recuperación da materia dirixidas e adaptadas ao alumnado que non superou positivamente as dúas primeiras avaliacións. Tamén se proporán para todo o alumnado actividades de repaso e reforzo das aprendizaxes anteriores ao 13 de marzo.

Na medida do posible, e como continuación das actividades propostas para todo o alumnado na alínea anterior, proseguirá a ampliación das aprendizaxes anteriores adaptando a programación prevista para o terceiro trimestre, focalizándose nos contidos esenciais da materia pendente con actividades que permitan continuar a formación do alumnado e minimizar o impacto desta situación excepcional, tendo en conta a preparación do alumnado para as ABAU.

Avaliación

O profesorado establecerá e comunicará ao alumnado a cualificación provisional do curso 2019/20 en base aos resultados a data 13 de marzo de 2020. Esta cualificación será a base que se poderá modificar á alza en función do traballo desenvolvido desde o 13 de marzo.

O tipo de actividades propostas polo profesorado e avaliábeis dependerá das posibilidades técnicas e das decisións didácticas do profesorado (exercicios, traballos, test, pequenas investigacións, exames on line, etc).

No horizonte, poder realizar exames presenciais finais.

O peso destes na cualificación final deberá axeitarse ás circunstancias de regreso ás aulas.

O sistema en 2º bach non pode ser binario nin se pode pechar polo de agora. Será modulado entre non poder regresar ás aulas e regresar axiña.

CABO 0: Non se regresa ás aulas. Non se poden realizar exames presenciais.

Igual que para o resto de niveis.

CABO 1: Regrésase axiña ás aulas (de mediados de maio a mediados de xuño)

Valoraranse as actividades desenvolvidas non presenciais, baixando a ponderación dos exames a realizar fronte a estas.

Eduardo García Parada

Xefe Departamento de Física e Química